



**Memoria final do departamento de
Educación Física.**

Materia: EDUCACIÓN FÍSICA.

IES A Xunqueira II

Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento

D. José Antonio Ricoy Bugarín.



Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións	4
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores	4
5	
3. Propostas para a revisión de	6
1. A programación didáctica para o curso seguinte.	6
2. A concreción curricular.....	6
4. Funcionamento do departamento.....	6
5. Composición do mesmo	6
6. Temas máis importantes tratados nas reunións	7
1. Setembro.....	7
i. 1ª reunión:.....	7
▪ 2ª reunión:.....	7
2. Outubro.....	7
3. Novembro	8
4. Decembro.....	8
i. Reunión ordinaria.....	8
i. Reunión extraordinaria.....	8
5. Febreiro.....	8
6. Marzo	9
7. Abril.....	9
8. Maio.....	10
9. Xuño	10
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.	10
1. Saída á neve	10
2. Saída acampada ás illas Cíes.....	11
3. Saída a Portugal.	11
4. Semana da Educación Física.....	11
5. Deporte Escolar.....	11
6. PVAD e aliméntate ben.....	11
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	12
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.....	12

10. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións (Proxecto Competencial).....	12
11. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores (Proxecto Competencial). ..	13
12. (Proxecto Competencial). Propostas para a revisión de	13
1. A programación didáctica para o curso seguinte.	13
2. A concreción curricular.....	14
13. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave (Proxecto Competencial).....	14
14. Libros de texto, inclusive EDIXGAL (Proxecto Competencial).....	15
15. (Acondicionamento físico e métodos de adestramento). Propostas para a revisión de	15
1. A programación didáctica para o curso seguinte.	15
16. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).....	16
17. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).....	16
18. Libros de texto, inclusive EDIXGAL (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).....	16

EDUCACIÓN FÍSICA.

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

En canto ó seguimento da programación debemos dicir que o ritmo do grupo de alumnos e alumnas non sempre é o esperado polo que se producen variacións no tempo que lle dedicamos a unha ou outra unidade, así no primeiro trimestre non conseguimos acabar a unidade de atletismo e tivemos que ver algunhas das modalidades que incluía no 2º trimestre, polo que tamén tivemos que refacer a folla de cálculo onde obtemos as notas en función das porcentaxes asignadas a cada instrumento de avaliación.

Non 1º T non lle propuxemos ó alumnado un traballo da elaboración dunha sesión de actividade física porque o traballo que tiña que facer o alumnado neses meses era excesivo e cremos mellor traballar o aspecto de coñecer as partes da sesión de actividade física coa elaboración do quecemento e a presentación en clase.

Algúns contidos como o caso da RCP planeámola na temporalización en función da dispoñibilidade dos maniqués, que son prestados doutro Centro.




No último trimestre a Unidade de actividades na natureza non deu tempo a tratala e así non podemos practicar actividades como Xeocaching, rastrexo, marcha nórdica, etc... e tampouco nos deu tempo a traballar a unidade de expresión corporal que incluía algo de dramatización e algo de danzas do mundo.

En todo caso, estas modificacións que se fixeron na programación se corresponden con modificacións na avaliación atribuíndo porcentaxes a distintos instrumentos de avaliación que participan da avaliación dos mesmos estándares.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

En canto as notas de EF, podemos destacar a presenza tódolos cursos dun pequeno grupo de alumnos e alumnas, en 2º de ESO, que está pendente de chegar a final de curso para incorporarse á F.P. Básica, polo que non fai nada e tampouco participa nas sesións prácticas, prefire pasar de traer o material (calzado e roupa axeitada) e permanecer sentado na compañía de outros que se atopan na mesma situación e charlar e tentar sacar o móbil para entrar nas redes sociais. Isto está prohibido polas normas do Centro e acaba provocando non poucos problemas de convivencia.

Este alumnado acaba non superando a materia e constitúe basicamente o monto dos suspensos que aparecen na estatística.



3. Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

A programación do curso 23-24 vai ser moi semellante á deste curso, tendo en conta que ó Departamento se vai incorporar unha persoa nova, definitiva no Centro e que terá cousas que aportar de cara ó vindeiro curso, polo que a programación neste sentido se verá algo alterada.

Por outra banda a materia que este Departamento viña impartindo en 2º de Bacharelato de introdución a preparación física, para o vindeiro curso se verá retirada da optatividade para o alumnado o que vai deixar se poder cursala a moitos alumnos e alumnas. A maioría dos alumnos que a escollían son futuros estudantes da facultade de EF, polo que significaba unha pequena introdución ás novas materias. Pero o cambio de lei impide que se siga impartindo.

En función do acontecido este ano e de cara ó vindeiro ano debemos considerar que o pavillón non sempre está en condicións de ser utilizado xa que moitos días aparece con pozas de auga debidas ás pingueiras que representan un grave perigo para a integridade física do alumnado.

2. A concreción curricular

Dado que este Departamento par ao vindeiro curso verá alterada a súa composición, será no momento da incorporación destas persoas cando se fará unha definitiva concreción dos contidos a impartir no vindeiro curso.

4. Funcionamento do departamento

Organizamos o traballo de forma conxunta para repartir a froita, para facer o seguimento das competicións, para colaborar nas saídas extraescolares organizadas polo Departamento e para a organización das actividades non momentos de lecer.

5. Composición do mesmo

Os profesores deste Departamento neste curso foron:

- Marta Taboada Solla.
- Adrián Méndez Estévez.
- José Antonio Ricoy Bugarín (xefe de Departamento).

Dona Marta Taboada estivo de baixa catro meses (novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo) e foi substituída por D. Xosé Ignacio Comesaña Aguilar.

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

As reunións do Departamento se fixeron ós venres de 8:30 a 9:20.

1. Setembro

i. 1ª reunión:

- Presentación dos novos profesores.
- Proxecto Competencial.
- Reparto de horas do Departamento.
- Programacións LOMCE E LOMLOE.
- Reparto de horario e grupos.
- Distribución de deportes por curso.

▪ 2ª reunión:

- Actividades extraescolares
- Programación do Departamento.
- Actividades dos períodos de lecer.
- Dinámicas de clase en EF.
- Recuperación de pendentes.
- Materias novas.

2. Outubro

- Pendentes: Listado, organización, táboa de indicadores.
- Inventario.
- Adquisicións novas.
- Perfil competencial do Departamento.
- Informes individualizados do alumnado.
- Protocolo de autoprotección.

- PFPF do Centro.
- Avaliación por competencias.
- Horario de reunións de Departamento.

3. Novembro

- Participación o programa DAFIS.
- Saídas novas incorporacións.
- Avaliación por competencias.
- Carreira de Nadal.
- Deporte Escolar fase provincial.
- Enquisa de hábitos deportivos do alumnado.

4. Decembro

i. Reunión ordinaria.

- Modificación da programación.
- Novos torneos dos recreos.
- Organización do Cross de Nadal.
- Parte de baixa de Marta e Ignacio para a saída á neve Xaneiro

i. Reunión extraordinaria.

- Participación o programa DAFIS.
- Saídas novas incorporacións.
- Avaliación por competencias.
- Carreira de Nadal.
- Deporte Escolar fase provincial.
- Enquisa de hábitos deportivos do alumnado.

5. Febreiro



- Addenda ás programacións didácticas.
- Organización do cross de Nadal.
- Actividades extraescolares: visita a un ximnasio, competicións deporte escolar.

6. Marzo

- Preparación da participación no Deporte Escolar.
- Planificación da Semana da Educación Física.
- Resultados do Cross de Nadal.
- Acordos das reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Entrega de addendas a avaliación do alumnado polo cambio de normativa sobre o final de curso.
- Incorporación da profesora Marta Taboada Solla.
- Enquisa sobre hábitos deportivos alumnado e profesorado.
- Actividade da muller no Deporte “Elas tamén gañan”.

7. Abril

- Resultados académicos da 2ª avaliación con respecto á EF.
- Resultados da Semana na neve (Semana branca).
- Preparación da saída a Portugal a celebrar do 31 de maio ó 2 de xuño.
- Alumnado de prácticas, seis alumnos/-as de prácticas.
- Actividades deportivas dos recreos.
- Acordos da CCP.
 - Instrucións sobre as peticións de probas por parte dos pais ou responsables do alumnado.
 - Normativa sobre a admisión de alumnado.
 - Profesorado para impartir a exención da segunda lingua estranxeira.
- Preparación da saída ás Illas Cíes, a celebrar do 29 e 30 de maio.

- Semana da actividade física (organiza 1º de Bacharelato).

8. Maio.

- Normativa sobre reclamacións de notas. Anuncios da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Asignacións de materias por Departamentos. Anuncio da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Celebración da Semana da Educación Física.
- Actividade en coordinación co Equipo de Normalización Lingüística.
- Ideas para unha nova configuración dos lugares de recreo para o alumnado.
- Preparación da saída ás Illas Cíes, a celebrar do 29 e 30 de maio.

9. Xuño

- Poñer as notas dos alumnos e alumna con materias pendentes.
- Escoller horario do ano vindeiro en función das alternativas do director.
- Queixas do profesorado respecto ó olores do alumnado tras las sesións de Educación Física.
- Preparación da actividade de Proxecto Competencial do vindeiro martes día 20.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.

1. Saída á neve.

Debido ó gran número de alumnos e alumnas que desexaban participar nesta saída, houbo que ofertar dúas saídas, sobre todo porque era 125 en total e non había hospedaxes nas estacións que tiñamos en mente para efectualas que tiveran tantas prazas. A primeira saída se fixo á estación de Leitariegos en León e foron 55 alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º de ESO. Na segunda foron 75 alumnas e alumnos de 4º e 1º de Bacharelato e foron á estación de San Isidro tamén en León.

En ámbalas dúas saídas se completou unha semana de convivencia en alta montaña facendo actividades de neve: esquí, trekking con raquetas, trineos, visitas culturais, etc...

As dúas saídas foron organizadas polo departamento de EF, aínda que colaboraron profesores doutros departamentos.

2. Saída acampada ás illas Cíes.

Esta saída estaba prevista para 1º de ESO, pero o número de alumnos e alumnas interesados non alcanzaba un número que a fixera viable en canto a custo, sobre todo debido ó transporte en autobús. Só se acadou un número de 32, cando o necesario houbera sido 55. Quedou anulada e se lle devolveu o ingreso a aqueles que o pagaran. Nesta saída estaba prevista a colaboración de profesores doutros departamentos.

3. Saída a Portugal.

Saída destinada a alumnado de 2º de ESO que estivo organizada polo Dpto de Música en colaboración co de EF e nela participaron profesores tamén doutros departamentos. Nesta saída cabían actividades de Música, outras o aire libre de EF como arborismo, escalada, actividades lúdicas varias e convivencia en cabanas de madeira. Tamén incluía esta saída un sendeirismo pola beira do río Paiva e paseo polo súa ponte colgante.

4. Semana da Educación Física.

Actividade na que durante unha semana o alumnado de 1º de Bacharelato estivo pasando probas a todo o persoal do Centro (alumnado, profesorado, e outro persoal que o desexara). Os resultados destas probas foron rexistrados nuns listados para avaliar en tarefas da materia de EF.

5. Deporte Escolar.

Como tódolos anos participamos no programa Xogade nos deportes de Campo a Través e Orientación, tanto nas fases zonais como nas provinciais. As fases que corren a conta das federacións, debido a que estas as organizan en fin de semana, o alumnado non soe estar disposto a participar, porque están involucrados noutras actividades ou por ocupacións familiares ou persoais.

6. PVAD e aliméntate ben.

No Plan de Vida Activa e Deportiva tratamos de aumentar o tempo que o noso alumnado dedica á actividade física a través de múltiples accións como actividades programadas nos tempos de lecer, o propio programa de Deporte Escolar, as materias de libre designación do Centro vinculadas á actividade física (Reforzo da EF, en 2º de ESO).

No programa Aliméntate ben, cada día os profesores de EF encárganse de repartir froita e leite nos períodos de lecer. Esta actividade faise en colaboración co Equipo Directivo que é o encargado de pedir a froita.

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

A materia de EF participa do uso das TIC na práctica docente na medida que favorece o desenvolvemento das tarefas e contribúe ó desenvolvemento das competencias. Así se usan as TIC para a elaboración, envío, corrección e presentación dos traballos da materia.

A utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para o desenvolvemento de actividades como Xeocaching, elaboración de roteiros e deseño de actividades na natureza a través de aplicacións informáticas.

Tódalas tarefas da parte de teoría da EF se realizan a través de Internet, en EDIXGAL os cursos que están incluídos e na aula virtual os outros. Así mesmo tódolos apuntamentos e outra documentación que o profesorado considera de interese como soporte teórico ou visual para a parte práctica puramente se aloxa en Internet para que estea a disposición de todo o alumnado.

En Bacharelato, o seguimento da evolución das cualidades físicas, así como o estudo de determinados exercicios físicos ou movementos, se realiza a través de aplicacións informáticas que o propio alumnado pode experimentar co seu teléfono móbil.

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

Todo o alumnado dos cursos que teñen EDIXGAL, entregan as súas tarefas, visualizan vídeos, len a documentación, fan os cuestionarios, reciben as notas e correccións a través de EDIXGAL, mentres que o alumando que non dispón desta facilidade o fai a través da aula virtual do Centro.

PROXECTO COMPETENCIAL.

10. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións (Proxecto Competencial).

Este ano, por ser o primeiro ano en que se incorpora esta materia, a temporalización da programación fómola adaptando ó ritmo de traballo do alumnado. Polo tanto en función do que deu tempo a facer neste curso xa se pode programar con maior detalle. Non debemos esquecer que esta materia ten só una sesión semanal, é dicir, catro sesións no mes.


A metodoloxía desta materia permite que non haxa un libro, ou programa de contidos que seguir, senón que os obxectivos desta materia están no propio proceso de traballo, de xeito que o propio alumnado é o que vai propoñendo o obxecto de estudo e logo utilizando os medios Tecnolóxicos da Información e da Comunicación vai elaborando os documentos que nos van servir de base a actividade que é a fin da materia.

Comezamos cunha fase de elección de puntos de interese, logo un estudos deses puntos e elaboración dos documentos, despois organización da actividade e análise das preguntas, e por último realización da actividade. Este plan se foi adaptando segundo avanzaba o curso tentando completar a actividade cun número suficiente de puntos e deixando algúns puntos sen rematar o seu estudo pendente para cursos vindeiros.

No final do curso algún grupo non completou o estudo e elaboración do documento final ou non conseguiu corrixilo nos idiomas nos que se debía ver traducido.

11. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores (Proxecto Competencial).

Non cabe a posibilidade de comparar estas notas coas de anos anteriores dado que esta materia se incorporou este curso por primeira vez.



12. (Proxecto Competencial). Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

Debemos introducir varios cambios na realización da actividade final. Non podemos permitir que o alumnado teña os documentos todos dende o comezo porque dese xeito contesta as preguntas antes de acudir ó lugar (carreira de orientación modalidade “score”).

Introduciremos novos puntos de interese e chegaremos ás traducións antes do final de curso, xa que nese momento os profesores dos distintos idiomas están ocupados coas tarefas de fin de curso e non teñen disposición para corrixir as traducións.

Intentar que para o vindeiro curso a materia non se realice os luns, xa que o cadrar moitos períodos non lectivos eses días pérdense moitos días de clase.

Para o ano contactaremos coa Policía Local para que nos preste as bicicletas que dispoñen no seu almacén para realizar a ruta en bicicleta xa que este ano atopámonos coa problemática que moitos alumnos ou non a teñen ou non a poden traer o instituto no bus escolar, co cal, non puidemos realizar a saía a final de curso como fin do proxecto.

A idea final deste proxecto é a de elaborar un folleto que poida ser de utilidade para calquera persoa que queira descubrir a contorna histórica e monumental.

2. A concreción curricular

Os contidos a tratar son a proposta do alumnado, aínda que basicamente serán moi semellantes ós deste curso, tendo en conta que a documentación elaborada polo alumnado no curso 22-23 nos servirá de base para o traballo no vindeiro curso.

A temática será a anunciada nos títulos da materia e os puntos elementos a estudar serán, como foi neste curso, a criterio do alumnado, tendo en conta o traballo feito neste curso 22-23.

Dona Marta Taboada estivo de baixa catro meses (novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo) e foi substituída por D. Xosé Ignacio Comesaña Aguilar.

13. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave (Proxecto Competencial).

O traballo desta materia está baseado na utilización das Tics. A busca de información, elaboración dos documentos, tradución ás distintas linguas con axuda dos tradutores de Internet, xeración dos códigos QR en páxinas para iso, a maquetación do mapa, a impresión e organización dos códigos e a elaboración da clasificación seguindo o regulamento da actividade son accións que o alumnado debe facer en uso das TICs.

Para a busca de información ademais da busca en Internet tamén contamos co fondo da biblioteca, onde o alumnado poderá acudir a buscar información en revistas ou libros.

Este ano para a integración das TIC na práctica docente utilizamos os programas de Google Earth para a creación das rutas de sendeirismo e o programa Canva para a creación dos trípticos así como o uso da plataforma Edixgal para o tema de entregas e tarefas e uso de tablets e móbiles para a creación dos vídeos das exposicións.

14. Libros de texto, inclusive EDIXGAL (Proxecto Competencial)

Nesta materia non se usa para nada a tradicional libreta, só o ordenador persoal de cada un ou de un dos do grupo é o lugar para elaborar as tarefas que para amosarllas ó profesor son enviadas a través de EDIXGAL. Tamén a través desta plataforma son enviadas do profesor ós alumnos as e correccións e as cualificacións que por ser un traballo en grupo e, se non interveñen circunstancias excepcionais, será a mesma para todo o grupo.

Estas formas de comunicación vía Internet será, á súa vez, polo alumnado entre si para coordinar a elaboración das tarefas.


ACONDICIONAMENTO FÍSICO E MÉTODOS DE ADESTRAMENTO.

15. (Acondicionamento físico e métodos de adestramento). Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

Esta materia tivo gran aceptación entre o alumnado sobre todo aquel que ten en mente o paso a una facultade de educación física ou aqueles outros que por distintos motivos deben dedicarse temporal ou definitivamente á preparación física deportiva. De feito de cara o vindeiro curso 23-24 se creara unha expectativa en un número importante de alumnos e alumnas para escoller esta materia de cara á súa preparación posterior, pero a nova normativa desbota esta posibilidade polo que a experiencia moi positiva en canto a implantación desta materia en 2º de Bac queda reducida a este curso 22-23. Polo que o curso vindeiro 2º de Bac, incomprensiblemente, non ten posibilidade de contar con algunha materia ligada á actividade física.

16. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).



17. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).

Nesta materia se fixo unha introdución ás TICs aplicadas a preparación física coa análise de algúns exercicios como o salto horizontal a través do programa KINOVEA que experimentaron tódolos alumnos de 1º de Bacharelato (117 alumnos e alumnas), de 2º de Bacharelato (o alumnado da materia de Acondicionamento Físico e Métodos de adestramento, 30 alumnos).

18. Libros de texto, inclusive EDIXGAL (Acondicionamento físico e métodos de adestramento).

A información que que utilizou o alumnado se transmitiu a través da aula virtual, así como a entrega de traballos, a presentación de apuntamentos, etc...